



### CONCELLOS

#### COSPEITO

##### Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 30/04/2026, unha vez concluído o proceso de selección, efectuouse o nomeamento como como persoal laboral fixo na praza que a continuación se detalla, de D. DIEGO PENA SOMOZA, DNI número \*\*2834\*\*\*.

Características da praza:

CATEGORÍA LABORAL	ESPECIALIDADE	Núm. VACANTES	DENOMINACIÓN
OFICIAL DE 1ª	PERSOAL DE OFICIOS	1	PERSOAL DE OFICIOS

O que se fai público aos efectos do establecido no artigo 11 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, os artigos 91 e 103 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local e o artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Contra o acordo de nomeamento, que é definitivo en vía administrativa, pode Vde. interpor alternativamente os seguintes recursos:

Recurso de Reposición potestativo, ante o mesmo órgano que dictara este acordo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sección do Contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Cospeito, 30 de abril de 2026.- O alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 1120

### A FONSAGRADA

##### Anuncio

PADRÓS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO BIMESTRE DO 2026

Aprobado por Decreto de Alcaldía Núm. 2026-229 de data 29-04-2026, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e recollida de lixo correspondente ao 1º bimestre do exercicio 2026, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 30-04-2026 ao 30-06-2026. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao

contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 29 de abril de 2026.- O alcalde-presidente, D. Carlos López López.

R. 1115

---

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo público de centro de día correspondente ao mes de **abril de 2026**, integrado por 20 recibos por importe total de 7966,90 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de **abril de 2026**, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

Guitiriz, 24 de abril de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1116

---

## LÁNCARA

### *Anuncio*

Decreto.- Láncara, na data da sinatura electrónica á marxe.

Vista a solicitude para celebración de matrimonio civil presentada neste concello por dona JFJ e don JMP.

O día 23.03.2026 a Encargada da Oficina do Rexistro civil de Sarria autorizou a delegación para que o alcalde do concello de Láncara reciba o consentimento matrimonial.

Visto o artigo 51 do Código Civil, modificado pola Lei 35/1994, de 23 de decembro, sobre autorización de matrimonio civil polos alcaldes, e os artigos 124, apartado quinto, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, resolvo:

Primeiro. Delegar na concelleira dona Emilia Fernández Seijo a competencia para a celebración do matrimonio civil entre dona JFJ e don JMP o día 29.06.2026 bastando con que na acta de autorización do matrimonio se faga constar que a concelleira actúa por delegación do alcalde.

Segundo. Comunicar esta resolución á concelleira delegada e proceder á súa publicación no BOP Lugo.

Terceiro.- Dar conta desta delegación ó Pleno na primeira sesión que se realice.

Láncara, 28 de abril de 2026.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1117

## LUGO

### *Anuncio*

#### Edicto de Exposición ao público

Por Decreto número 3171/2026, de data quince de abril de dous mil seis, aprobouse o Padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao primeiro trimestre de 2026, que se expón ao público no Servizo de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de vinte días hábiles, a contar desde o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Os obrigados tributarios poderán formular contra os recibos contidos no Padrón reclamación económico-administrativa ou recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública do correspondente padrón.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 16 de abril de 2026.- O alcalde-presidente, Sr. D. Miguel Fernández Méndez.

R. 1118

## MEIRA

### *Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 29 de abril do 2026, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o **6º. bimestre do exercicio 2024**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 29 de abril do 2026 ao 29 de xuño do 2026.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interperse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 29 de abril de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1119

## RÁBADE

### *Anuncio*

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 18 de marzo, aprobou inicialmente os Presupostos, Cadro de Persoal e as Bases de Execución para o exercicio 2026. Conforme ao artigo 169 do TRLFL someteuse o expediente a información pública por prazo de 15 días. Non producíndose alegacións durante o citado período resultan definitivamente aprobados os Presupostos, Cadro de persoal e Bases de Execución do exercicio 2026. En cumprimento do que dispón o apartado 3 do artigo 169 do TRLFL, faise público que dito presuposto ascende en gastos e ingresos a **2.556.050,00** euros. Correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan según o seguinte detalle:

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o cadro de persoal desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a continuación:

**ESTADO DE GASTOS**

-

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
1	Gastos de persoal	653.950,00 €
2	Gastos en bens correntes	1.531.298,00 €
3	Gastos financeiros	3.501,00 €
4	Transferencias correntes	56.050,00 €
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		
6	Inversións reais	311.250,00 €
7	Transferencias de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	1,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>2.556.050,00 €</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

-

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
1	Impostos directos	620.000,00 €
2	Impostos indirectos	67.050,00 €
3	Taxas e outros ingresos	672.000,00 €
4	Transferencias correntes	1.021.000,00 €
5	Ingresos patrimoniais	1.000,00 €
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		
6	Enaxenación de inversións reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	175.000,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>2.556.050,00 €</b>

**CADRO DE PERSOAL DESTA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2026**

## A/ FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

PRAZA/POSTO DE TRABAJO	Nº PRAZAS	GRUPO	C.D.	SITUACIÓN
Escala de Habilitación Estatal Subescala Secretaría-intervención Praza: Secretario-interventor	1	A1	28	Cuberta

Escala de Administración Xeral Subescala administrativa Praza: Administrativo	2	C1	22	1 Vacante (Interina)
Escala de Administración Especial Subescala técnica Praza: Arquitecto/a 50% xornada	1	A1	24	Vacante
Escala de Administración Especial Subescala técnica Praza: Traballador/a social	1	A2	24	Cuberta
Escala de Administración Especial Subescala técnica Praza: Técnico de cultura e deporte	1	A2	24	Cuberta
Escala de Administración Especial Subescala servizos especiais Praza: Vixiante Municipal	1	C2	18	Cuberta

## B/ PERSOAL LABORAL FIXO:

POSTO DE TRABALLO	Nº PRAZAS	GRUPO	C.D.	SITUACIÓN
Técnico/a de desenvolvemento local	1	A1	24	Vacante (a funcionarizar)
Técnico/a de prevención de condutas adictivas	1	A1	24	Cuberta (a funcionarizar)
Encargado/a de obras e servizos	1	IV	18	Vacante (Interino)
Operario/a de servizos varios	1	V	12	Vacante
Auxiliar de axuda no fogar (Modalidade básica)	1	IV/V	13	Cuberta (a extinguir)

## RESUMO:

Número de funcionarios de carreira: 7

Número total de persoal laboral fixo: 5

Rábade, 30 de abril de 2026.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 1121

## RIBAS DE SIL

*Anuncio*

El Pleno de la Corporación en la sesión que tuvo lugar el día 29/04/2026 aprobó inicialmente el presupuesto municipal del Ayuntamiento de Ribas de Sil para el ejercicio 2026.

De acuerdo con lo dispuesto en el artículo 169.1 del Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, y demás disposiciones concordantes, dicho expediente se expone al público en la Secretaría-Intervención del ayuntamiento, por el plazo de 15 días hábiles -que empezará a contarse a partir del siguiente al de la publicación del presente edicto en el Boletín oficial de la Provincia-, con la finalidad de que durante dicho plazo las personas interesadas puedan examinarlo y presentar las reclamaciones que consideren pertinentes, que deberán dirigir a la Alcaldía y que deberán ser resueltas por el Pleno de la Corporación.

En el supuesto de que no se presenten reclamaciones, el presupuesto se entenderá definitivamente aprobado.

Ribas de Sil, 30 de abril de 2026.- El alcalde, Roberto Castro González.

R. 1122

## TRICASTELA

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de 30 de abril de 2026, foron aprobadas as bases específicas para a selección e posterior contratación de 1 traballador/a a xornada completa para o posto de:

- Peón Obra Pública ao abeiro do programa Reforzo do Emprego incluído no Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2026.

Duración do contrato: 9 meses, data límite da contratación o 31/10/2027.

Prazo de presentación de solicitudes: nos sete días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do concello en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres e na sede electrónica <http://tricastela.sedelectronica.gal>.

Mais información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do concello de Triacastela e na sede electrónica <http://tricastela.sedelectronica.gal>.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

Triacastela, 30 de abril de 2026.- A alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 1123

## O VICEDO

### *Anuncio*

Por resolución de la Alcaldía de 29 de abril de 2026 aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal, mediante concurso - oposición, dun/dunha LIMPADOR/-A CASA DO CONCELLO E OUTROS, con adscrición ao servizo municipal de limpeza do Concello do Vicedo.

As bases son as que se transcriben a continuación:

**“BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO - OPOSICIÓN, DUN/DUNHA LIMPADOR/-A CASA DO CONCELLO E OUTROS, A XORNADA COMPLETA, CON ADSCRICIÓN AO SERVIZO MUNICIPAL DE LIMPEZA DO CONCELLO DO VICEDO**

#### **1º.- NORMAS XERAIS.-**

A selección rexeráse polo previsto nestas bases, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Texto refundido da lei do Estatuto básico do emprego público, Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración Local de Galicia, Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas urxentes para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/88, do 28 de xullo, Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, Real Decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, Real Decreto 364/95, Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, modificado polo Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e o Convenio colectivo vixente para persoal laboral do Concello do Vicedo sobre condicións laborais e económicas, aprobado polo Pleno do concello o día 10 de xuño de 2009.

#### **2º.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO.-**

O cometido funcional deste posto de traballo consistirá na realización das tarefas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello do Vicedo, de acordo coas instrucións recibidas ao efecto.

#### **3º.- DURACIÓN DO CONTRATO.-**

O contrato asinarase baixo a modalidade de contrato de traballo temporal de substitución para cubrir temporalmente este posto de traballo e ata a cobertura definitiva da praza con persoal laboral fixo, sendo a data de inicio o antes posible unha vez finalizados todos os trámites necesarios para a contratación, e no horario que demande o servizo.

Establécese un período de proba dun mes.

#### **4º.- RETRIBUCIÓN.-**

Serán as establecidas no presuposto municipal do Concello do Vicedo aprobado para o ano 2026.

**5º.- REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS.-**

- a) Ter a nacionalidade española, sen perxuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e do disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Posuír ou estar en condicións de obter o título académico esixido: certificado de estudos primarios ou certificado de escolaridade. No caso de titulacións obtidas no extranxeiro, deberán posuír o documento que acredite a súa homologación.
- d) Estar en posesión do Certificado de Lingua Galega CELGA 1, superior ou equivalente, de conformidade coa Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). No caso de non poder acreditar mediante certificación ou validación o coñecemento da lingua galega será necesario superar a proba establecida no punto 10º.-Sistema de selección.-
- e) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.
- f) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- g) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

Estes requisitos deberán acreditarse antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Toda a documentación debe presentarse en orixinal ou copia auténtica.

A persoa seleccionada tamén deberá acreditar, antes da dación de alta na seguridade social:

- Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo convocado (aportar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada).

**6º.- SOLICITUDES.-**

Quen desexe participar no concurso-oposición deberá presentar os anexos II e III destas bases, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e méritos da base quinta e décima, no rexistro xeral do Concello do Vicedo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste último caso, deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por correo electrónico a [concello@concellodovicedo.org](mailto:concello@concellodovicedo.org)

**7º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-**

O prazo de presentación de solicitudes queda aberto dende o día seguinte o da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e por un período de oito días naturais.

**8º.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-**

No rexistro xeral do Concello do Vicedo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do Concello do Vicedo, ademáis deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por correo electrónico a [concello@concellodovicedo.org](mailto:concello@concellodovicedo.org).

Por resolución da Alcaldía acordarase a admisión e exclusión das persoas candidatas e publicarase a lista provisional no taboleiro de edictos deste Concello, na sede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>, sinalándose un prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación, para subsanar erros.

Na lista provisional farase indicación do día e da hora na que terá lugar a proba de selección e a valoración da fase de concurso; tamén se designará a composición do órgano de selección. De non existir persoas aspirantes excluídas, elevarase a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

A lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional no prazo máximo de dous días hábiles contados dende o remate do prazo de alegacións.

**9º.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN.-**

O Tribunal de valoración designarase e farase público xunto coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Poderá dispor a incorporación de persoas asesoras especialistas se así o estiman necesario ou axeitado, que actuarán con voz pero sen voto.

O dito tribunal estará facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e problemas que poidan xurdir.

#### **10º.- SISTEMA DE SELECCIÓN.-**

O sistema de selección é o de concurso-oposición, e consistirá na realización das seguintes probas:

a. Proba de galego: esta proba é obrigatoria e eliminatória. Para dar cumprimento ao artigo 51.2 da LEPL, realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido na base quinta.

A proba consistirá na tradución de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que sen acreditar o nivel de galego esixido na base quinta, non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

b. Fase de oposición: consistirá na contestación oral a dez preguntas formuladas polo Tribunal de Cualificación (agás as relacionadas con coñecementos básicos de matemáticas) e relacionadas co temario que figura no anexo I, outorgándose un punto por cada pregunta contestada correctamente, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

c. Fase de concurso: rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso ós aspirantes que superen a fase de oposición.

#### Puntuación de méritos:

- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na administración pública, ata 1 punto; outorgarase a puntuación de 0,10 puntos por mes traballado e acreditado con contratos de traballo e vida laboral.
- Experiencia na realización de iguais ou semellantes traballos na empresa privada, ata 0,50 puntos; outorgarase a puntuación de 0,05 puntos por mes traballado e acreditado con contratos de traballo e vida laboral.

Os méritos deberán acreditarse xunto coa solicitude, a falla de acreditación dos méritos alegados, determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal de Valoración, nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias, xa que non poderán subsanarse. Tampouco se requirirá ós interesados para que o acrediten.

#### **11º.- RESOLUCIÓN.-**

A resolución do concurso - oposición farase polo Presidente da Corporación Municipal, a proposta do Tribunal cualificador. No caso de empate na puntuación final, acudirase para dirimila á outorgada na fase de oposición. De persistir o empate, o Tribunal reiterará a proba de coñecementos entre as persoas aspirantes con igual puntuación ata seleccionar a unha delas. En ningún caso a proposta, que terá carácter vinculante, poderá exceder do número de postos convocados (1), quedando o resto en lista de espera, ós efectos de renuncia, baixas ou calquera outra contingencia, sendo requirida a persoa traballadora que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

#### **12.- NORMA FINAL.-**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **ANEXO I: TEMARIO**

##### **PROGRAMA:**

- 1.- Organización municipal. O Alcalde: atribucións. O Pleno: atribucións. A Xunta de Goberno Local: atribucións.
- 2.- Especial coñecemento do Concello do Vicedo e comarca:
  - Parroquias.
  - Lugares.
  - Praias, ríos, illas, montes.
  - Rutas e lugares de interese turístico.
  - Comarca natural da Mariña Luguesa: concellos e ríos principais

- 
- 3.- Coñecementos básicos en materia de cálculo matemático: sumas, restas, multiplicacións, divisións, quebrados, porcentaxes, raíces cuadradas, promedios e cálculo de superficies de polígonos.
  - 4.- Coñecementos básicos en materia de xeografía española e da península ibérica: capitais, provincias, comunidades autónomas, montes, ríos e accidentes xeográficos.
  - 5.- Coñecementos básicos en materia de lingua galega e castelá: conxugación de verbos, sinónimos, antónimos e ortografía.

ANEXO II

Don/dona ....., con DNI .....,  
 con domicilio .....,  
 e teléfono de contacto: .....

DECLARA:

1º.- Que coñece as bases publicadas o día 29/04/2026, para a contratación laboral temporal por parte do Concello do Vicedo, e mediante concurso-oposición, dun/dunha LIMPADOR/-A CASA DO CONCELLO E OUTROS, a xornada completa, baixo a modalidade de contrato de traballo de substitución para cubrir temporalmente este posto de traballo ata a cobertura definitiva da praza, como persoal laboral fixo, e no horario que demande o servizo.

2º.- Que cumpre os requisitos mínimos establecidos para os candidatos na base 5, e que aporta documentación que o xustifica.

3º.- Que aporta documentación xustificativa dos seguintes méritos alegados:

- 
- 
- 

E por todo o exposto anteriormente,

SOLICITA:

Ó Sr. Alcalde-Presidente, que se teña en consideración a súa candidatura os efectos da participación no antedito proceso de selección.

**AUTORIZA** expresamente ao Concello de O Vicedo que inclúa os meus datos nun ficheiro automático para fin exclusivo do proceso selectivo no que solicito participar.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	CONCELLO DE O VICEDO
Finalidade do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude de participación nun proceso selectivo, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPD), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPD).
Comunicación de datos	Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas, así como a cualificación final dos aspirantes e a relación de aprobados por orde de puntuación, serán publicados no Taboleiro de edictos deste Concello e na sede electrónica do concello <a href="https://concellodovicedo.sedelectronica.es">https://concellodovicedo.sedelectronica.es</a>
Exercicio de dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle corresponda dirixindo a súa solicitude a <a href="mailto:concello@concellodovicedo.org">concello@concellodovicedo.org</a> ou a través da sede electrónica do Concello de Vicedo.
Información adicional	Pode consultar máis información en <a href="https://concellodovicedo.sedelectronica.es/privacy.1">https://concellodovicedo.sedelectronica.es/privacy.1</a>

O Vicedo, a ..... de ..... do 2026

Fdo.: .....

Ó SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO

## ANEXO III

Don/dona ....., con DNI .....,  
e domicilio en .....

Segundo o establecido nas bases de data 29/04/2026 para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dun/dunha LIMPADOR/-A CASA DO CONCELLO E OUTROS, a xornada completa, baixo a modalidade de contrato de traballo de substitución para cubrir temporalmente este posto de traballo ata a cobertura definitiva da praza, como persoal laboral fixo, e no horario que demande o servizo.

## DECLARO BAIXO XURAMENTO:

a) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.

b) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

c) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

O Vicedo, a ..... de ..... do 2026

Asdo.: .....

2º.- Convocar públicamente a quen desexe participar nas citadas probas selectivas.

3º.- Ordear a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>, e realizar cantos trámites sexan necesarios para o dito fin.”

O Vicedo, 30 de abril de 2026.- O alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1124

---